



ESTATUTOS

CLUB DE TENIS DE CANGAS-CLUTECA

INDICE

	PAG.
1. DA SOCIEDADE	
1.1. Definición	3
1.2. Fundación	3
1.3. Rexistro	3
1.4. Afiliación	4
1.5. Reformas	4
1.6. Fins	4
1.7. Domicilio Social	4
1.8. Ámbito	5
1.9. Escudo	5
1.10. N° Identificación Fiscal	5
2. DOS SOCIOS	
2.1. Número de socios	5
2.2. Clases de socios	5
2.3. Dereitos dos socios	6
2.4. Principio de igualdade	7
2.5. Obriga dos socios	7
2.6. Admisión de socios	8
2.7. Condición de socio pérdese	8
2.8. As participacións ou Títulos de Propiedade	8
2.9. Fillos de socios	9
2.10. Participación non suscrita	9
3. DOS ORGANOS DE REPRESENTACION, GOBERNO E ADMINISTRACION	
3.1. Órganos	9
3.2. Asemblea Xeral	10
3.3. Xunta Directiva	12
3.4. A Presidencia	15
4. DO RÉXIME ECONOMICO FINANCEIRO	
4.1. Patrimonio Social	16
4.2. Recursos	16
4.3. Excluído como fin da Sociedade	16
4.4. Seus ingresos deberán aplicarse.	16

Camille

4.5. Gravar e allear	17
4.6. Títulos de débeda ou de parte alicuota patrimonial	17
4.7. Os títulos de débeda	17
4.8. Subscricións dos títulos de parte alicuota patrimonial	17
4.9. Transmisión dos títulos de parte alicuota patrimonial.	17
5. DO RÉXIME DOCUMENTAL DA SOCIEDADE	
5.1. Réxime documental e contable	18
6. DO PROCESO ELECTORA A XUNTA DIRECTIVA	
6.1. Normas xerais	18
6.2. Candidatura	19
6.3. Convocatoria	19
6.4. Calendario electoral	19
6.5. Xunta electoral	20
6.6. Mesa electoral	21
6.7. Xunta xestora	22
6.8. Asemblea de votación	22
7. DO RÉXIME DISCIPLINARIO	
7.1. Faltas	23
7.2. Procedemento	24
7.3. Sancións	26
7.4. Órganos e socios	26
8. ESTATUTOS, REGULAMENTO E DISOLUCIÓN DA SOCIEDADE	
8.1. Regulamento de Réxime Interior	27
8.2. Reforma estatutos	27
8.3. Extinguirase ou disolverase	27
8.4. Disolución	27
8.5. Comisión Liquidadora	27
9. DISPOSICION DEROGATORIA	
9.1. Disposición Derogatoria	27

[Signature]

[Signature]

[Signature]

[Signature]

[Signature]

[Signature]


[Signature]

[Signature]



ESTATUTOS

CLUB DE TENIS DE CANGAS-CLUTECA



Capítulo Primeiro: DA SOCIEDADE

Art. 1.1. - A Asociación Deportiva CLUB DE TENIS DE CANGAS-CLUTECA é unha **Asociación privada sen ánimo de lucro con personalidade xurídica** e capacidade de obrar que ten por obxecto exclusivo o fomento e práctica de actividades físico-deportivas, non limitadas a un só ámbito, modalidade ou disciplina,.

Art. 1.2. - A Asociación Deportiva CLUB DE TENIS DE CANGAS-CLUTECA **fúndase** o 3 de abril de 1992 acatando todo o que contén o Decreto 82/1983, do 21 de abril polo que se crea o Rexistro de Clubs, Federacións e Entidades Deportivas de Galicia e a Orde do 17 de maio de 1983, pola que se regula dito Rexistro.

Art. 1.3. - Apróbanse os primeiros Estatutos pola Asemblea Xeral Extraordinaria do Club o 25 de Abril de 1.992, e **rexístrase** a Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia co número 3.596, de data do 20 de Maio de 1992.

O Club de Tenis de Cangas practicará así mesmo a modalidade deportiva de Tenis e para tal fin funcionarán as seccións deportivas correspondentes, sen prexuízo de que a Asemblea Xeral poida acordar a creación doutras.

Art. 1.4. – **Afiliase** a Real Federación Española de Tenis con data 21 de Abril de 1.999, pasando a quedar afiliado a correspondente Federación Galega.

Art. 1.5. – Os órganos e socios do club estarán sometidos ó regulamento disciplinario do club e ó disposto no Título VII da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento.



Art. 1.6. - Son fins principais da Asociación:

- 1.6.1. A promoción e difusión da actividade deportiva do tenis
- 1.6.2. O desenvolvemento e a práctica polos seus asociados de dita modalidade deportiva.
- 1.6.3. A participación en actividades ou competicións deportivas oficiais nas referida modalidade.
- 1.6.4. A Xunta Directiva poderá acordar a creación de tantas seccións deportivas como modalidades específicas se practiquen na Asociación, debendo, a continuación, afiliarse á Federación que proceda.
- 1.6.5. Para tomar parte nas competicións das respectivas Federacións Deportivas Galegas deberán adscribirse ás mesmas, sendo de aplicación os Estatutos, Regulamentos e demais disposicións destas. Cada sección ocuparase de todo o relativo á práctica de cada modalidade deportiva correspondente, baixo a coordinación e superior dirección da Xunta Directiva.
- 1.6.6. Para un mellor cumprimento dos seus fins, poderanse establecer e manter o vínculos cos organismos e entidades que a Xunta Directiva estime oportuno.
- 1.6.7 Contribuír e apoiar cantas iniciativas se produzan pro Cangas e a Xunta Directiva estime oportunas, designando as representacións ante as autoridades e organismos públicos ou privados que se requiran.
- 1.6.8. Igualmente a Xunta Directiva poderá e deberá fomentar a actividade cultural e social entre os integrantes do Club, o que redundará nunha mellor calidade de vida dos membros da comunidade nos que se asenta e ós que vai dirixida.

Art.1.7.- **O domicilio social** fíxase na localidade de Cangas, C.P 36.940, provincia de Pontevedra, Avda. de Ourense nº 14, teléfono 986 30 72 21. Apartado de correos 195.


O Presidente, cando as circunstancias o aconsellen, poderá acorda-lo cambio do domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado do domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario o acordo maioritario da Asemblea Xeral Extraordinaria.

En ámbolos casos, o traslado de domicilio social non implicará modificación estatutaria, e terá que ser notificado aos socios, e ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Art. 1.8.- O ámbito de actuación da Asociación é Autonómico sen prexuízo de se integrar en Organizacións de ámbito territorial superior se así se acordase.

Art. 1.9.- O escudo estará formado por unha elipse cunhas bandas na parte inferior rodeada do nome CLUB TENIS CANGAS e na parte central en maiúsculas coas palabras CLUTECA.

Art. 1.10.- O seu Número de Identificación Fiscal é o G-36.177.368



Capítulo segundo: DOS SOCIOS

Art. 2.1. - O número de socios será ilimitado, coa soa condición de que se dean os vínculos de carácter social ou profesional que os ligue coas persoas que constitúen a Asociación. A Asemblea Xeral poderá suspender, sen embargo, a admisión temporal de novos socios cando a falta de espazos ou capacidade das instalacións así o aconselle.

Art. 2.2. - A Asociación comporase das seguintes clases de socios:

1. Socios Propietarios:

a) de Número-Propietarios

2. Socios Non Propietarios

- a) Beneficiarios
- b) Aspirantes
- c) De Número-Aspirante
- d) De Número-Temporais
- e) De Honor
- f) Eventuais
- g) Protectores

2.2.1. Son **Socios Propietarios** os maiores de idade, titulares dunha participación.

2.2.1.1. Serán **Socios de Número-Propietarios** os titulares dunha participación que sendo persoas físicas, maiores de idade, solicitáranos voluntariamente e fosen admitidos pola Xunta Directiva.



2.2.2. Son Socios Non Propietarios os que carecen de participación.

2.2.2.1. Son **Socios Beneficiarios** os cónxuxes e os fillos menores de 18 anos, de socios Propietarios. Os fillos, ó cumprir 18 anos, cambian automaticamente a socios Aspirantes ou, voluntariamente, a socios Numerario-Propietarios.

2.2.2.2. Son **Socios Aspirantes** os fillos de socios Propietarios que estean en idades comprendidas entre 18 e 30 anos, ámbalas dúas incluídas, e pertencen á unidade familiar.

2.2.2.3. Son Socios de Número Aspirantes os fillos de socios Propietarios maiores de 18 anos que non formen unidade familiar ou maiores de 30 anos en calquera caso que non posúan unha participación. Deberán ser socios Beneficiarios por un tempo mínimo de dous anos para poder constar como tales.

2.2.2.4. Son **Socios de Número-Temporais** as persoas físicas maiores de idade que por calquera motivo non poidan ter unha participación e decidan formar parte da sociedade. Terán un prazo de **un ano** para decidir a súa incorporación. Este prazo será prorrogable segundo decida a Xunta Directiva.

2.2.2.5 Son Socios de Honor as persoas físicas, entidades e persoas xurídicas que, pertencendo ou non á sociedade, polas súas extraordinarias calidades e/ou relevantes servizos, sexan considerados dignos de tal distinción pola Xunta Directiva e acépteno. Esta calidade non exclúe que poidan ser socios de calquera outra clase.

2.2.2.6. Son Socios Eventuais aquelas persoas que por razón de traballo ou outras circunstancias non vaian superar un ano de estancia na cidade.

2.2.2.7. Son **Socios Protectores** os organismos, corporacións e entidades, a título protector, que os seus directores ou persoas en quen deleguen poden usufructuar a Sociedade.

2.2.3. A Xunta Directiva poderá solicitar, se non lle consta, xustificación documental que acredite as condicións anteriores.

Art. 2.3. - Todos os Socios terán os seguintes dereitos:

a) Participar no cumprimento dos fins específicos da Asociación.

~~Carton~~ ~~Summit~~ ~~Page 6~~ ~~6~~

b) Esixir que a actuación da Asociación se axuste ó disposto na Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, ás súas normas de desenvolvemento e ás disposicións estatutarias específicas.

c) Ter un exemplar dos Estatutos vixentes.

d) Separarse libremente da Asociación.

e) Ser informados das actuacións xerais da Sociedade.

f) Disfrutar dos bens e servizos do Club con suxeición ás normas do seu uso establecidas a tal efecto.

g) Expor libremente as súas opinións no seo da Asociación.

h) Presentar por escrito á Xunta Directiva cantas propostas, ideas ou iniciativas consideren beneficiosas ou de interese para a Sociedade.



2.3.1. Ademais dos do artigo anterior, os socios propietarios teñen estoutros dereitos:

a) Participar, con voz e voto, nas Asembleas Xerais.

b) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno, sempre que cumpran a idade de dezoito anos e teñan plena capacidade de obrar.

c) Allear, transmitir ou ceder o seu título de participación, dentro das normas que o regulan.

d) Examinar a súa documentación, previa petición razoada por escrito á Xunta Directiva.

Art. 2.4. - Establécese o principio de igualdade de tódolos asociados sen discriminación por raza, sexo, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Art. 2.5. - **Son obrigas dos Socios**, ademais das de carácter xurídico, político e económico que se desprenden dos presentes Estatutos e Regulamentos que os desenvolven:

a) Abonar as cotas sociais ordinarias e extraordinarias que pola súa clase lles correspondan, así como calquera outra que fose establecida pola Asemblea Xeral ou que se fixase polo uso de bens e/ou servizos da Sociedade. En relación con iso, deberán comunicar ó Club todo troco que implique unha variación bancaria dos recibos. En caso contrario, serán responsables dos prexuízos que lles poida ocasionar a súa omisión.

b) Acatar as disposicións adoptadas pola Asemblea Xeral, Xunta Directiva ou membros da mesma, para o bo goberno da Sociedade, en atribución das súas funcións estatutarias.

c) Resarcir ó Club polos danos e prexuízos ocasionados polo uso indebido ou negligente das instalacións ou bens sociais por parte o propio socio ou das persoas que del dependan, tanto familiares como convidados do mesmo.

d) Evitar no seo da Sociedade todas aquelas condutas que se estimen como reprobables polo sentir xeneralizado da masa social.

e) Participar nas Asembleas Xerais convocadas.

Art. 2.6. - Para ser admitido como socio, en calquera das modalidades, será necesario:

- a) Reunir as condicións sinaladas para cada unha delas.
- b) Solicitalo por escrito á Xunta Directiva.
- c) Satisfacer a cota de ingreso correspondente.



Art. 2.7.- A condición de socio pérdese:

- a) Por vontade propia.
- b) Por falta de pago das cotas sociais establecidas durante tres meses consecutivos, previo requirimento de pago, e consecuente Resolución do Presidente.
- c) Por acordo da Xunta Directiva, fundado en faltas de carácter grave, previo expediente e audiencia do interesado, que haberá de ser ratificado na primeira Asemblea Xeral que se celebre.
- d) Por calquera outra causa establecida na lexislación vixente.

Art. 2.8. As participacións ou títulos de propiedade proindiviso, reguláméntanse polo seguinte articulado:

1. Denomínanse participacións ás cotas iguais e indivisibles que compoñen en pleno dominio dos bens e dereitos sociais e que pertencen en común e proindiviso ós socios propietarios do Club de Tenis de Cangas-CLUTECA.

2. As participacións son nominais, numeradas e transferibles conforme ó que determina a Lei e establécese nestes Estatutos.

3. Emítese un número fixo de trescentas participacións. A variación deste número só poderá ser acordada en Asemblea Xeral Extraordinaria para a Modificación de Estatutos.

4. Os Títulos de Participación só poden ser estendidos pola Xunta Directiva, con sinaturas do Presidente, Secretario e Tesoureiro, a aquelas persoas que acrediten a condición de socios propietarios. Ningún asociado poderá dispor de máis de unha participación ó seu nome, anque si poderá figurar como apoderado en caso de fillos menores de 18 anos que queiran dispor dun título, ata a maioría de idade.

5. Lévese un rexistro oficial para o control da emisión e transmisión das participacións. A validez dos títulos de participación só pode ser certificada pola Xunta Directiva.

6. Os asociados titulares posuidores da participación poden realizar a súa transmisión "intervivos", consonte Dereito, notificándoo por escrito anticipadamente á Xunta Directiva, que pode exercer o dereito de tanteo e preferente adquisición, recuperándoa nun prazo de un mes.

7. A transmisión hereditaria da participación ó cónxuxe, ascendentes ou descendentes, farase da acordo coas disposicións legais.

8. Para poder efectuar a transmisión dunha participación, debe estar abonada totalmente a Sociedade ou, noutro caso, subrogarse o adquirente nas obrigas do titular.

9. A estimación oficial de cada participación e as condicións de cesión son fixadas anualmente pola Xunta Directiva, a vista do preceptivo informe contable.

10. Cando o abono da participación se efectúe a prazos, ante a falta de pago de tres mensualidades, a Xunta Directiva pode acordar o seu rescate polo valor abonado, ou en caso de desacordo a caducidade e anulación do título.

11. En casos de baixa por cambio de residencia o socio ten un prazo de seis meses para transmitir a participación, desde a notificación evidente de traslado á Xunta Directiva, mediante un certificado de empadramento ou residencia no estranxeiro. Vencido o prazo, a participación caduca e anúlase.

12. En caso de expulsión dun asociado, non pode allearse, debendo fixarse na resolución o valor do rescate e prazo de troco e caducidade dentro de tres meses.

13. No caso de extravío dunha participación, esta anúlase, estendéndose outra igual co mesmo número duplicado, anotando a operación no Rexistro de Participacións.

14. Transcorridos dous anos dende a implantación das participacións pola Sociedade o socio poderá allear a súa.

15. No caso de ser varias as persoas que estean a espera de Participacións debido á falta de dispoñibilidade das mesmas, a orden de prioridade será a seguinte:

- a) En primeiro lugar terán opción voluntaria os fillos de socio Propietario.
- b) En segundo lugar os que xa fosen asociados e causen baixa por cambio de residencia fóra da provincia.
- c) En último termo aquelas persoas que presentasen a súa solicitude de forma normal.

Art. 2.9. Cando os **fillos de socios propietarios** pasen voluntariamente a clase de socios Numerarios-Propietarios, a Sociedade transmítelle unha participación polo prezo especial que acordase a Xunta Directiva e aprobada en Asemblea Xeral.

Art. 2.10. As **participacións non subscritas** ou recuperadas considéranse propiedade do colectivo de socios propietarios e os ingresos da súas transmisións a favor da Entidade.

Capítulo terceiro: DOS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN, GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

Art. 3.1. - A Asociación estará rexida polos seguintes órganos de goberno:

- a) A Asemblea Xeral
- b) A Xunta Directiva
- c) A Presidencia



Art. 3.2. - A Asemblea Xeral

3.2.1. - A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e os seus acordos validamente adoptados vincularán a tódolos asociados, mesmo ós socios ausentes e/ou disidentes, aínda que non participasen na toma de decisións. Corresponderalle decidir sobre todos aqueles asuntos que figuren na Orde do día e que someta á súa decisión a Xunta Directiva, así como os que lle atribúa en exclusiva os presentes Estatutos.

3.2.2. - As Asembleas Xerais estarán presididas polo Presidente da Asociación, ou quen estatutariamente o substitúa, e actuará de Secretario o que o sexa da Xunta Directiva, e a elas poderán asistir todos aqueles socios a quen estes Estatutos así llo recoñezan, nas condicións que nos mesmos teñan establecidas.

3.2.3. - Será posible a delegación de voto mediante a autorización expresa e escrita, que deberá constar en poder do Secretario no momento de comezo da Asemblea e quen porá en coñecemento da mesma o nome dos socios que exercesen tal dereito e a persoa en quen delegase.

3.2.4. - Corresponde á Asemblea Xeral:

- a) Escoller Presidente, mediante sufraxio persoal, libre, directo e segredo de tódolos socios con dereito a voto.
- b) Discutir e aprobar, se procede, a memoria anual, a liquidación do exercicio social, o balance e a rendición de contas.
- c) Aprobar o orzamento de ingresos e gastos.
- d) Coñecer, discutir e aprobar, no seu caso, as propostas da Xunta Directiva.
- e) Estudar e resolver as proposicións formuladas polos socios, coa debida antelación, e que deberán ir asinadas como mínimo polo cinco por cento dos mesmos.
- f) Sinalar as condicións e formas de admisión de novos socios e acordar a contía da cota que han de satisfacer os asociados.
- g) Aprobar os Regulamentos de Réxime Interior da Asociación, así como propoñer as modificacións dos mesmos e dos presentes Estatutos.
- h) Dispor e allear os bens da Asociación, tomar diñeiro a empréstito e emitir títulos transmisibles representativos de débedas.
- i) Crear servizos en beneficio dos asociados.
- j) Coñecer e ratificar as altas e baixas dos asociados.

3.2.5. - Os apartados a), f), g) e h), serán competencia da Asemblea Xeral Extraordinaria.



3.2.6. - As Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus asociados. En segunda e última convocatoria media hora máis tarde, quedará constituída calquera que sexa o número de membros presentes. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para súa celebración terán que mediar, como mínimo, dez días naturais e non poderán transcorrer máis de 20. Os acordos da Asemblea Ordinaria serán adoptados por maioría simple dos socios presentes ou representados. Os acordos das Asembleas Extraordinarias serán adoptados por maioría absoluta (a metade máis un) dos socios presentes ou representados, con dereito a voto, salvo especificación en contrario.

3.2.7. - A Asemblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou do vintecinco por cento, ao menos, dos socios de número, mediante exposición no taboleiro de anuncios da Asociación e por correo a cada socio con dereito a voto. A non recepción da convocatoria por parte dalgún socio, ou fóra de prazo, por causa non imputable á Xunta Directiva, non poderá ser aducida como motivo de anulación da Asemblea.

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario, previa convocatoria do Presidente, ao menos unha vez ao ano para tratar das seguintes cuestións:

- a) Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación se procede.
- b) Presuposto para o seguinte exercicio.
- c) Proxecto e propostas do Presidente ou da Xunta Directiva.
- d) Proposicións que formulen os socios e que terán que ir asinadas ao menos, polo cinco por cento dos mesmos.

3.2.8. - Non obstante o sinalado no parágrafo anterior, nas Asembleas Extraordinarias o prazo de convocatoria poderá ficar reducido a cinco días, se a urxencia da mesma así o aconsella, a xuízo da Xunta Directiva.

Terá de se celebrar Asemblea Xeral Extraordinaria para a modificación dos Estatutos, elección do Presidente, toma de cartos a préstamo, emisión de títulos representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, enaxenación de bens inmoables e fixación de cotas dos socios, o calquera outro acordo previsto nestes estatutos ou que se estime oportuno polo Presidente ou proceda legalmente.

3.2.9. - Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple dos presentes, requeriéndose unha maioría cualificada e un quorum determinado de asistencia para aqueles asuntos que establezan os estatutos. Serán vinculantes e de obrigado cumprimento e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo, por razón da maioría, da posibilidade

da súa impugnación perante os órganos competentes e da Federación Galega Deportiva da modalidade ou perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.



Art. 3.3. - A Xunta Directiva

3.3.1. - A Xunta Directiva como órgano de Goberno da Entidade, executará os acordos adoptados pola Asemblea Xeral e exercerá as funcións que este Estatuto lle confire.

3.3.2. - A Xunta Directiva ostentará a representación legal da Asociación e as máis amplas facultades para a súa administración e xestión (sen prexuízo das que son exclusivas da Asemblea Xeral) e en especial as de:

- a) Cumprir, facer cumprir e interpretar os presentes Estatutos e regulamentos que os desenvolvan, así como os acordos da Asemblea Xeral e da propia Xunta Directiva.
- b) Crear as Comisións ou Grupos de Traballo que considere necesarios.
- c) Nomear as persoas que han de dirixir as distintas comisións ou áreas de participación, así como organizar todas as actividades deportivas da Asociación.
- d) Formular o inventario, balance e memoria anuais que deban de ser sometidos á aprobación da Asemblea.
- e) Redactar ou reformar o Regulamento de Réxime Interior, fixando as normas de uso das instalacións e tarifas correspondentes.
- f) Manter a orde e a disciplina na Asociación, así como nos equipos e competicións que organice.
- g) Impor as sancións que fosen necesarias como consecuencia das infraccións ós presentes Estatutos e regulamentos que os desenvolvan, seguindo os procesos sinalados ó efecto.
- h) Organizar as oficinas e servizos do Club, así como contratar e despedir ó persoal, fixando as súas funcións e remuneración.
- i) Representar ó Club ante toda clase de persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, así como ante os xulgados e tribunais, e celebrar toda clase de contratos, mesmo aqueles que entrañen disposición de bens mobles.
- j) Abrir e/ou pechar toda clase de contas en calquera establecemento bancario ou de crédito e dispor dos fondos depositados nas mesmas, así como xirar, aceptar, endosar, avalar, negociar, descontar e intervir de calquera forma en letras de cambio e demais documentos de xiro. As operacións sinaladas neste apartado poderán ser realizadas de forma indistinta polo Presidente, Secretario ou Tesoureiro da Asociación, sendo necesaria a participación de, alomenos, dous dos cargos expresados anteriormente.



3.3.3. - A Xunta Directiva deberá ter ó corrente os pagos por débedas do Club, en especial aqueles que puidesen existir con organismos oficiais e entidades públicas ou privadas, sempre que o permita a tesourería da Asociación.

3.3.4. - En calquera caso, os membros da Xunta Directiva responderán fronte ós socios polos prexuízos que puidesen ocasionar por culpa ou negligencia grave, previa instrución do correspondente expediente sancionador.

3.3.5. - Os membros da Xunta Directiva serán designados e revocados libremente polo presidente, debendo dar conta diso na primeira Asemblea Xeral que se celebre. Da mesma formará parte un secretario e un tesoureiro. Tódolos cargos serán gratuítos e carecen de interese nos resultados económicos do Club por si mesmos ou persoa interposta.

3.3.6. - A Xunta Directiva quedará validamente constituída cando asistan, alomenos, o Presidente ou un Vicepresidente e a metade dos restantes membros.

3.3.7. - A Xunta Directiva será convocada polo seu Presidente con un día de antelación, como mínimo, á data de celebración. Tamén poderá ser convocada a petición de tres ou máis dos seus membros.

3.3.8. - A Xunta Directiva tamén quedará validamente constituída cando estean presentes tódolos seus membros, aínda que non mediase convocatoria previa. Deberá reunirse como mínimo unha vez cada mes.

3.3.9. - Para que a Xunta Directiva poida tomar acordos deberá estar presente ou representada a maioría dos membros da Xunta. Estes acordos serán aprobados por maioría simple dos presentes, decidindo en caso de igualada o voto de calidade do Presidente ou de quen faga as súas veces. Tódolos acordos adoptados consignaranse nunha acta que será asinada polo Presidente e o Secretario e que, posteriormente, será incorporada ó Libro de Actas debidamente legalizado.

3.3.10. - Os acordos tomados pola Xunta Directiva no exercicio das súas funcións poderán ser impugnados por calquera dos socios ante a federación deportiva que corresponda, e/ou ante o Comité de Xustiza Deportiva, na forma e prazo establecidos na lexislación vixente.

3.3.11. - Estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a vinte, á fronte da cal haberá un presidente e da que formarán parte un vocal por cada unha das

posibles seccións deportivas federadas. O Vicepresidente, Secretario e Tesoureiro serán escollidos polos vocais entre os que ostenten esta condición.



3.3.11.1. - O Secretario terá as seguintes funcións:

- a) Coidará do arquivo da documentación e toda a correspondencia do Club.
- b) Levará o Libro de Rexistro de Asociados e Libro de Actas.
- c) Expedir certificados, co visto e prace do Presidente, con referencia ós libros, documentos e datos do Club.
- d) Promover a inscrición nos rexistros pertinentes daqueles acordos que deban ser inscritos, segundo a lexislación en vigor.

3.3.11.1.1. - En caso de ausencia ou vacante do Secretario, as súas funcións poderán ser exercitadas por un Vicesecretario, se o houberse ou nomearase.

3.3.11.2. - O Tesoureiro terá as seguintes facultades:

- a) Será o depositario da Asociación.
- b) Asinará os recibos, xunto co Presidente.
- c) Autorizará os pagos e levará os libros de Contabilidade.
- d) Durante o primeiro mes de cada ano formalizará un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se porán en coñecemento de tódolos asociados.
- e) Na finalización de cada trimestre realizará un resumo de gastos e ingresos que será presentado á Xunta Directiva.

3.3.11.2.1. - En caso de ausencia ou vacante do Tesoureiro, as súas funcións poderán ser exercitadas por un Viceteseureiro, se o houberse ou nomearase.

3.3.11.3. - O Vocal terá as seguintes funcións:

- a) Velar polo bo estado de conservación do material e das instalacións deportivas do Club, así como do seu correcto uso por parte dos asociados.
- b) Velar pola correcta organización e boa marcha das diversas actividades deportivas e equipos que por parte do Club se organicen.
- c) Elaborar os distintos expedientes informativos que das distintas actividades deportivas se desenvolvan e dar conta deles



d) Controlar, dirixir e responsabilizarse de todo o réxime administrativo do Club relacionado co aspecto deportivo do mesmo, nas súas distintas modalidades.

3.3.11.3.1. - Para o desenvolvemento de todas estas funcións poderá acompañarse doutras persoas que considere que lle poden axudar ou asesorar.

3.3.11.3.2. - Igualmente a Xunta Directiva poderá nomear novos vocais que compartan o desenvolvemento das anteriores funcións ou ben desenvolvan outras novas que se consideren, coas facultades que se lles sinalen.

Art. 3.4. - A presidencia

3.4.1. - O Presidente, e no seu defecto calquera dos Vicepresidentes terá as seguintes facultades:

a) Ostentar a representación legal do Club ante toda clase de persoas, físicas e xurídicas, públicas ou privadas, así como ante os xulgados e tribunais, podendo conferir poderes bastantes para a representación en xuízo do Club.

b) Convocar e presidir as Asembleas Xerais, da Xunta Directiva, concedendo e retirando a palabra, moderando os debates, sometendo a votación as propostas, decidindo co seu voto de calidade os casos de igualada e executando os acordos que se adopten.

c) Subscribir co Secretario tódalas certificacións expedidas pola Asociación.

d) Coordinar a actuación da Xunta Directiva, informando ós asociados da marcha do Club, sempre que o crea conveniente ou estes o soliciten.

Exercerá as funcións específicas que o Regulamento e a Asemblea Xeral lle confiran.

O cargo de Presidente é a título gratuito e carente de interese nos resultados económicos da explotación, por si mesmo ou a través de persoa interposta.

Será elixido mediante sufraxio libre, directo, o igual e secreto por e entre os membros da Asemblea Xeral, cada 4 anos.

O Presidente cesará por:

- a) Transcorre-lo prazo polo que foi elixido.
- b) Dimisión.
- c) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.
- e) Inhabilitación por sentenza xudicial firme ou sanción deportiva.

Capítulo cuarto: DO RÉXIME ECONOMICO FINANCEIRO

Art. 4.1. - No momento da reforma dos Estatutos desta Asociación Deportiva o patrimonio social é de 47.796,48 € en valor contable, sendo 20.083,27 € correspondentes a capital inmovilizado e 27.713,21 € a activo circulante, e o inventario de bens e dereitos de propiedade fundamentalmente comprenden:


- a) Parcela de terreo procedente da finca rústica " MONTE DE FONTE CULLER B" sita no concello de Cangas, parroquia de Aldán, cunha extensión de cinco mil catrocentos setenta e sete metros cadrados.
- b) Dúas parcelas de terreo no concello de Cangas, parroquia de Coiro, cunha extensión de aproximadamente mil metros cadrados.
- c) Cinco xogos de redes con seus postes correspondentes.
- d) Material de oficina, ordenador, impresora, etc.
- e) Caseta nas pistas de Rodeira con vestiario, aseo duchas e sala de reunións.
- f) Caseta nas pistas de San Roque para material deportivo.

Art. 4.2 - No futuro os recursos estarán integrados por:

- a) As de transmisións de participacións, as cotas ordinarias, as derramas e as extraordinarias, que aprobe a Asemblea Xeral conforme ás normas establecidas no Regulamento Interior.
- b) As doazóns ou subvencións que reciba.
- c) Os resultados económicos que poden producir os actos que organice a entidade.
- d) As rendas, froitos ou intereses do seu patrimonio.
- e) Calquera outro ingreso obtido de acordo coas disposicións legais vixentes.

Art. 4.3. - **Queda expresamente excluído como fin da Asociación** o ánimo de lucro, e non poderá destinar os seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servizos nin exercer actividade de igual carácter coa finalidade de repartir beneficios entre os seus socios.

Art. 4.4. - **A totalidade dos seus ingresos** deberán aplicarse ó cumprimento dos seus fins sociais. Cando se trate de ingresos procedentes de competicións ou manifestacións deportivas dirixidas ó público, estes beneficios deberán aplicarse ó fomento e desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos socios. Cando os ingresos procedan de subvencións recibidas con cargo ós orzamentos da Xunta de Galicia ou outra administración pública, o control dos gastos imputables a eses fondos corresponde ó Organismo outorgante, sen prexuízo das funcións que corresponden á Intervención Xeral da Administración correspondente.





Art. 4.5. - **Poderá gravar e allear os seus bens inmobles**, tomar diñeiro a empréstito e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alicuota patrimonial sempre que cumpra os seguintes requirimentos:

a) Cando o diñeiro a tomar empréstito non exceda do 25 por cento do total dos ingresos do derradeiro orzamento aprobado pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva estará facultada para realizalo.

b) No caso de que excedan do 25 por cento serán autorizadas tales operacións por maioría de dous tercios de socios numerarios ou representados en Asemblea Xeral.

c) Que ditos actos non comprometan de modo irreparable o patrimonio da Asociación ou actividade físico-deportiva que constitúe o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo poderá esixirse, sempre que o solicite o cinco por cento, alomenos, dos asociados, o oportuno ditame económico-actuarial.

d) Cando se trate de gravar ou allear bens, mobles e inmobles que foran financiados en todo ou parte, con Fondos Públicos da Comunidade Autónoma será preceptiva a autorización previa do órgano competente da Xunta de Galicia.

O produto obtido da alleación de instalacións deportivas ou dos terreos en que se atopen, deberá investirse na adquisición, construción ou mellora de bens da mesma natureza.


Art. 4.6. - **Os títulos de débeda ou de parte alicuota patrimonial** que emita a Asociación serán nominativos. Os títulos inscribiranse nun Libro-rexisto que levará ó efecto a Asociación, no cal anotaranse as sucesivas transferencias.

En tódolos títulos constarán o valor nominal, a data de emisión e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

Art. 4.7. - **Os títulos de débeda** só poderán ser subscritos polos socios, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial salvo a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Art. 4.8. - **Os títulos de parte alicuota patrimonial** serán así mesmo subscritos polos socios. A condición de socio non está limitada a quen se atopen en posesión de tales títulos; non se conferirá ós seus posuidores ningún dereito especial. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Art. 4.9. - **Os títulos de débeda ou parte alicuota patrimonial** serán transferibles de acordo cos requirimentos e condicións que, en cada caso, estableza a Asemblea Xeral



Capítulo quinto: DO RÉXIME DOCUMENTAL DA ASOCIACIÓN

Art. 5.1. - Integrará o réxime documental e contable da Asociación:

a) O libro de Rexistro de Socios, no que deberá constar os seus nomes e apelidos, o número do D.N.I., data de nacemento e, no seu caso, cargos de representación, goberno ou administración que exerza na Asociación. O libro de Rexistro de Socios tamén especificará as datas de altas e baixas e as de toma de posesión e cese dos cargos aludidos.

b) Os libros de Actas. Consignarán as xuntanzas que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As actas serán subscribas, en todo caso, polo Presidente e Secretario do órgano colexiado.

c) Os libros de Contabilidade, nos que figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigas, e ingresos e gastos da Asociación, debendo precisarse a procedencia daqueles e o investimento ou destino destes.

d) O balance de situación e as contas de ingresos e gastos que a Asociación deberá formalizar durante o primeiro mes de cada ano e que porá en coñecemento de tódolos seus socios.

e) Todos aqueles auxiliares que se consideren oportunos para un mellor desenvolvemento dos seus fins.

Capítulo Sexto: DO PROCESO ELECTORAL A XUNTA DIRECTIVA

Art. 6.1. - NORMAS XERAIS.-


6.1.1. - A elección de nova Xunta Directiva terá lugar nos seguintes supostos:

- a) Por expiración do mandato.
- b) Por dimisión, renuncia, falecemento ou incapacidade física do Presidente.
- c) Por voto de censura dos asociados.

6.1.2. - Poderá ser candidato a Presidente calquera socio numerario propietario, cunha antigüidade mínima ininterrompida de dous anos na súa condición de tal, que non estea suxeito a sanción que o inhabilite no exercicio dos seus dereitos civís ou deportivos.

6.1.3. - Serán electores todos os socios numerarios propietarios do Club.

6.1.4. - A elección de nova Xunta Directiva efectuarase mediante candidatura pechada.



Art. 6.2. - CANDIDATURA.-

6.2.1. - Haberán de figurar na mesma a relación dos seus compoñentes, coa designación, cando menos, da persoa que haxa de ocupar o cargo de Presidente, e deberá estar formada, como mínimo, polos cinco integrantes sinalados no artigo 20.

6.2.2. - As candidaturas deberán estar avaladas como mínimo polo cinco por cento dos membros da Asemblea con dereito a voto, debendo facer constar os nomes e apelidos tanto do Presidente que encabece a candidatura como dos demais compoñentes do mesmo, o seu número de asociado e a aceptación dos interesados.

6.2.3. - Os membros da Asemblea que avalen as candidaturas farán constar coa súa sinatura, o seu nome e apelidos, número de asociado e DNI. Ningún socio poderá presentar ou presentarse, nin avalar máis de unha candidatura. En caso de duplicidade de sinaturas, teranse por non postas.

Art. 6.3. - CONVOCATORIA.-

6.3.1. - A Xunta Directiva convocará Asemblea Extraordinaria na que deberán figurar os seguintes puntos na Orde do día:

1. - Calendario electoral, no que haberán de figurar as datas e prazos de:
 - a) Convocatoria
 - b) Presentación de candidaturas
 - c) Estudio e aceptación das mesmas
 - d) Divulgación e período de impugnacións ás candidaturas
 - e) Resolución de impugnacións ás candidaturas
 - f) Asemblea de votación
 - g) Impugnación de resultados da Asemblea de votación
 - h) Resolución das impugnacións dos resultados da Asemblea
 - i) Proclamación de candidatura electa ou repetición da votación
- 2.- Sorteo dos membros da Xunta Electoral.
- 3.- Elección e nomeamento dos compoñentes da Mesa Electoral.

Art. 6.4. - CALENDARIO ELECTORAL.-

6.4.1. - No calendario electoral deberán figurar claramente tódalas datas e prazos nos que se desenvolverá o período electoral.

6.4.2. - A convocatoria electoral permanecerá visiblemente exposta na sede do Club durante un período mínimo de oito días e máximo de dez, acompañada da lista de socios con dereito a voto, para que os interesados poidan formular as reclamacións oportunas a este respecto.

6.4.3. - Expirado o prazo anterior terá lugar a presentación de candidaturas, que se pechará ós cinco días seguintes. Transcorridos os prazos anteriores, e durante os tres días seguintes, a Xunta Electoral, estudará a validez das candidaturas presentadas, aceptando unicamente as que cumpran todos e cada un dos requirimentos establecidos.

6.4.4. - Presentadas oficialmente pola Xunta Electoral dentro dese prazo as candidaturas aceptadas, concederáse un prazo mínimo de tres días e máximo de cinco nos que se poderán efectuar reclamacións contra esas decisións da Xunta Electoral, a cal terá tres días para as resolver e comunicar ós interesados o acordo que adopte. Se non existise ningunha candidatura, ou se as presentadas non reunisen os requirimentos esixidos, a Xunta Directiva en funcións procederá á constitución da Xunta Xestora.

6.4.5. - No caso de que só existise unha candidatura válida, non procederá a constitución da Asemblea Xeral de votación. Os seus membros serán proclamados como nova Xunta Directiva pola Xunta Electoral.

6.4.6. - Se fosen máis de unha as candidaturas válidas, celebraranse as eleccións na forma prevista. Resultará gañadora a que obteña maior número de votos. En caso de igualada na votación, darase como gañadora a candidatura encabezada por quen teña o número de socio máis antigo.

6.4.7. - Os membros da Xunta Directiva saínte continuarán en funcións nos seus respectivos cargos ata que resulte escollida unha nova ou, no seu caso, a formalización da Xunta Xestora, que terán que constituír.

Art. 6.5. - XUNTA ELECTORAL.-

6.5.1. - Constituirase na sede do Club e estará integrada por cinco membros, que serán escollidos ó chou de entre os compoñentes da Asemblea que inicie o proceso electoral. De entre eles escollerán por votación ó Presidente. Actuará de secretario o que o sexa do Club.

6.5.2. - Se algún dos membros que constitúen inicialmente a Xunta Electoral se presentase dentro dunha candidatura, deberá formalizar a súa dimisión en dita Xunta, que

A collection of handwritten signatures and stamps at the bottom of the page. On the left, there is a large, stylized signature. In the center, there is a circular stamp with the letters 'PR' inside. To the right of the stamp, there are several more signatures, some of which are crossed out with a large 'X'. The signatures are written in dark ink on a light background.



quedará constituída co resto dos seus membros integrantes. De ser o seu Presidente, escollerase outro por votación entre o resto de compoñentes.

6.5.3. - A Xunta Electoral constituirase ó iniciarse o proceso electoral e permanecerá ata a súa finalización, tendo como funcións:

- a) Admitir e proclamar as candidaturas.
- b) Resolver as impugnacións que no seu caso se presenten relativas ás candidaturas, candidatos, prazos, etc. así como as que se orixinen durante a votación.
- c) Decidir sobre calquera cuestión que afecte directamente á celebración das eleccións e ós resultados das mesmas.

6.5.4. - As reclamacións que se efectúen en materia electoral formularanse ante a Xunta Electoral dentro dos tres días seguintes ó da decisión impugnada, e esta terá un prazo máximo para as resolver de tres días a partir da data da súa presentación.

6.5.5. - As resolucións da Xunta Electoral poderán ser recorridas ante a Federación Galega de tenis e en último caso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, segundo disposto nos artigos 65 e 67 da lei 11/97 do Deporte de Galicia.

Art. 6.6. - MESA ELECTORAL.-

6.6.1. - Será escollida na Asemblea Xeral na que se convoque o proceso electoral e estará formada por:

- a) O membro con dereito a voto de mais idade de dita Asemblea, que actuará como Presidente da Mesa.
- b) O membro con dereito a voto de menos idade, que actuará de Secretario.
- c) Dous representantes dos asembleístas, escollidos ó chou.

6.6.2. - A Mesa Electoral constituirase con unha hora de antelación á prevista para o comezo da Asemblea de votación e nela poderá integrarse nese momento un representante designado por cada unha das candidaturas que se presenten á elección. Dita representación estará debidamente acreditada por quen encabece a candidatura á que represente.

6.6.3. - Se algún dos membros que constitúen inicialmente a Mesa Electoral se presentase dentro dunha candidatura, deberá formalizar a súa dimisión en dita Mesa, que quedará constituída co resto dos seus membros integrantes, que recomporán a súa posición na mesma de acordo cos criterios fixados nos apartados precedentes neste artigo.

6.6.4. - Serán funcións da Mesa Electoral:

- a) Comprobar a identidade dos votantes, segundo o seu censo.
- b) Recoller as papeletas de voto e depositalas na urna preparada ó efecto, que deberá estar debidamente pechada.
- c) Redactar, por medio do seu Secretario, a acta correspondente, que entregarán á Xunta Electoral, e na que deberá constar o número de electores, votos validos emitidos, votos nulos e en branco, o resultado da votación e as incidencias e reclamacións que se producisen. Dita acta será asinada por tódolos compoñentes da Mesa constituída.

Art. 6.7. - **XUNTA XESTORA.-**

6.7.1. - Cando por dimisión conxunta ou por outros motivos a Xunta Directiva quede reducida a catro ou menos membros, farase cargo da dirección da Asociación unha Xunta Xestora, que estará composta polos directivos que continúen nos seus cargos e polos seis socios numerarios máis antigos do Club. Os seus membros escollerán entre eles ó Presidente e ó Secretario.

6.7.2. - En prazo non superior a dous meses, a Xunta Xestora convocará Asemblea Xeral Extraordinaria para a elección de Xunta Directiva nos termos previstos no artigo 20 dos presentes Estatutos.

Art. 6.8. - **ASEMBLEA DE VOTACIÓN.-**


6.8.1. - A súa data e duración serán as que se fixasen no calendario electoral, no que deberá facerse constar as horas de comezo e finalización da mesma.

6.8.2. - A votación efectuarase mediante papeleta previamente confeccionada pola Xunta Electoral, que será facilitada ós socios, que deberán cumprimentala na forma que se determine. Non se admitirán riscadas nin emendas.

6.8.3. - Os integrantes da Mesa Electoral exercitarán o seu dereito a voto, se o tivesen, en último lugar.

6.8.4. - As reclamacións que se produzan con motivo da votación deberán formularse dentro dos tres días seguintes ante a Xunta Electoral, sempre e cando os interesados o fixesen constar na acta de dita Asemblea de votación.

6.8.5. - A Xunta Electoral deberá resolver as impugnacións que se presenten no prazo de tres días, finalizado o cal exporase debidamente na sede do Club a proclamación da candidatura que resultase elixida.



Capítulo Sétimo: DO RÉXIME DISCIPLINARIO

Art. 7.1. - FALTAS

7.1.1. - **Terá a consideración de falta** toda infracción dos presentes Estatutos, así como de todas aquelas disposicións legais que sexan de obrigado cumprimento. Igualmente considerárase como tal todo acto ou conduta que poida alterar a convivencia social.

7.1.2. - **As infraccións cometidas** con ocasión ou como consecuencia de competicións ou probas deportivas e a conduta contraria á disciplina e normas de carácter deportivo quedarán sometidas na súa totalidade á tipificación e procedemento do Réxime Disciplinario Deportivo vixente.


7.1.3. - **As faltas cometidas polos Socios**, en atención á súa transcendencia clasifícanse en moi graves, graves e leves.

7.1.4. - **Terán a consideración de faltas moi graves:**

- a) O desacato público dos acordos adoptados pola Xunta Directiva.
- b) A subtracción de calquera propiedade allea ou da Asociación.
- c) A ofensa de palabra ou obra a calquera dos compoñentes da Xunta Directiva que actúen no exercicio das súas funcións.
- d) A comisión de actos inmoraís graves dentro do recinto da Asociación ou nas actividades da mesma.
- e) Todo altercado ou pendencia, cando fose en público e poida considerarse que compromete o respecto e reputación da Asociación.
- f) Todo estrago causado nas pertenzas ou bens da Asociación, con manifesta mala fe.
- g) A reincidencia na comisión dunha falta considerada como grave.

7.1.5. - **Terán a consideración de faltas graves:**

- a) Negarse a representar á Asociación naquelas competicións deportivas para as que fose seleccionado, salvo causa de forza maior que será analizada pola Xunta Directiva.



- b) Facilitar o acceso ó recinto da Asociación de persoas que non teñan a condición de Socio, ou non autorizadas por algún membro da Xunta Directiva.
- c) Desacatar ostensiblemente as instrucións ou indicacións do persoal empregado da Asociación.
- d) Non gardar de modo ostensible a debida compostura no interior das instalacións da Asociación.
- e) Dar lugar a altercados, que poidan orixinar a comisión de falta moi grave.
- f) Ser encubridor ou incitar á comisión de actos que teñan a consideración de falta moi grave.

7.1.6. - **Consideraranse como faltas leves**, tódolos actos que sendo contrarios ós presentes Estatutos, ás Disposicións Oficiais en vigor, ás instrucións e ordes da Xunta Directiva, non revistan a gravidade suficiente para seren considerados como faltas graves.

7.1.7. - **Considerarase como circunstancia atenuante** que a falta fose cometida por un Socio menor de idade, e poderán aplicarse por analoxía as circunstancias atenuantes previstas na Lexislación Común.

7.1.8. - **Serán circunstancias agravantes:**

- a) Se o autor da falta é membro da Xunta Directiva.
- b) A reincidencia na comisión de faltas leves, se ben a efectos de prescripción non se terán en conta as cometidas con tres anos de antigüidade.
- c) Por analoxía, as circunstancias agravantes previstas na lexislación común.


7.1.9. - **As faltas leves prescribirán** ó mes da súa comisión, as graves ó ano e as moi graves ós dous anos. A prescripción quedará interrompida en canto comecen as actuacións do procedemento sancionador.

Art. 7.2. - **PROCEDEMENTO**

7.2.1. - **O procedemento para a sanción das faltas** iniciárase ben de oficio pola propia Xunta Directiva, ou ben por denuncia dalgún Socio ou como consecuencia de orde superior.

7.2.2. - A Xunta Directiva, **ó ter coñecemento dunha suposta infracción**, poderá acordar unha información reservada, por se, á vista das circunstancias do feito e a súa escasa transcendencia, proceda o arquivo das actuacións. Neste suposto, razoarse o acordo do arquivo, e en caso de que se aprecie mala fe do denunciante, adoptaranse as medidas pertinentes.

Art. 7.3. - SANCIONES



7.3.1. - As sancións que pode impor a Xunta Directiva son:

- a) Apercibimento verbal.
- b) Apercibimento escrito.
- c) Suspensión dos dereitos como socio ata un máximo de un ano, con obriga de continuar abonando as súas cotas. Se durante o procedemento disciplinario se adoptase a medida de suspensión temporal, computarase o tempo que durase esta.
- d) Expulsión da Asociación.

7.3.2. - A suspensión dos dereitos como Socio imporase soamente nos casos de faltas graves ou moi graves.

7.3.3. - Un. A sanción de expulsión imporase soamente nos casos de faltas moi graves, e levará consigo a imposibilidade de ser admitido de novo por un período de dez anos dende a data de adopción do acordo. En caso de readmisión, transcorrido este prazo, a antigüidade do socio contarase a partir do seu novo ingreso, debendo satisfacer a cota de entrada que estea establecida.

7.3.4. - Dous. Se o sancionado fose Socio de Honra, por falta moi grave retiráraselle a súa condición honorífica.

7.3.5. - Tres. Para a adopción do acordo de expulsión requirirase a votación favorable dos dous tercios da Xunta Directiva.

7.3.6. - Con independencia das sancións que se impoñan, o Socio sancionado será responsable economicamente dos danos e prexuízos que puidese causar, ben á Asociación ou a outro Socio.

Art. 7.4. - Os órganos e socios do club estarán sometidos ó regulamento disciplinario do Club e ó disposto no Título VII da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento.

Así mesmo o Presidente e os membros da Xunta Directiva responderán fronte os socios, o Club ou terceiros dos prexuízos que ocasionaren por culpa ou negligencia grave, de conformidade coa regulamentación propia do Club e ao Ordenamento Xurídico vixente.

Capítulo oitavo: ESTATUTOS, REGULAMENTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN



Art. 8.1. - Os presentes Estatutos poderán ser desenvolvidos nun Regulamento de Réxime Interior.

Art. 8.2. - Os presentes Estatutos e o Regulamento só poderán ser modificados, reformados e derogados, na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto, mediante acordo que deberá adoptarse en votación cualificada de dous tercios dos socios de número asistentes. No caso de que a modificación ou reforma sexa a consecuencia de disposicións dos órganos superiores deportivos, queda facultada a Xunta Directiva para ditar as normas provisionais de aplicación que referendará a Asemblea na primeira xuntanza que celebre, adecuándose en todo caso á normativa vixente.

A reforma destes estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro Entidades Deportivas de Galicia os mesmos trámites administrativos que para a súa inscrición.

Art. 8.3.- A Asociación extinguirase ou disolverase a proposta da Xunta Directiva por unanimidade de tódolos seus membros, mediante acordo adoptado en votación cualificada de dous tercios, pola Asemblea Xeral Extraordinaria que se celebre a tal fin, por sentenza xurídica ou por outras causas legalmente determinadas. En todo caso haberá de ser notificado ao Rexistro de Entidades Deportivas.

Art. 8.4.- En caso de disolución, formarase unha Comisión Liquidadora integrada polo Presidente e dous membros da Xunta Directiva, ademais do socio máis recente e o máis antigo do Club, agás acordo en contrario da Asemblea que acordase a disolución.

Art. 8.5. - A Comisión Liquidadora procederá á venda ordenada dos bens da Asociación e unha vez saldadas tódalas débedas sociais, efectuará as doazóns que estime oportunas ás institucións públicas ou privadas que fomenten as actividades deportivas no Concello de Cangas do Morrazo ou na provincia de Pontevedra, por esta orde de prelación.

Disolvido o Club, o remanente do seu patrimonio social, se houbera, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo ben por acordo previo da Asemblea Xeral ou subsidiariamente polo órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.

Capítulo Noveno: DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Art. 9.1. - **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**- Os presentes Estatutos entrarán en vigor trala súa aprobación cualificada pola Asemblea e a correspondente tramitación administrativa. Dende ese

momento quedarán derogados os ata entón vixentes, asinano e rubrican como compoñentes da Xunta Directiva actual.

Os abaixo asinantes dan por aprobados os presentes Estatutos en tódalas páxinas, desde a 1 á 28.


Asdo. Carlos González Jorge PRESIDENTE	Asdo. Darío Lata Blanco SECRETARIO
Asdo. José Luis Gestido Porto TESOREIRO	Asdo. Serafín González Varela VOCAL ÁREA DEPORTIVA
Asdo. Guillermo Miranda Blanco VOCAL ÁREA DEPORTIVA	Asdo. Jorge Bernárdez Ferradás VOCAL ÁREA DEPORTIVA
Asdo. Paula Iglesias Álvarez VOCAL ÁREA COMUNICACIÓNS	Asdo. Lorenzo J. Lorenzo Estévez VOCAL ÁREA COMUNICACIÓNS
Asdo. Jose Ángel González González VOCAL ÁREA ESCOLAR	

ATENCION.- Esténdoa para facer constar que os presentes estatutos do club:

CLUB DE TENIS DE CANOAS

foron ratificados e inscritos co nº 6.3596 no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia (DOG 13-04-2012).

30 de xuño de 2014
O funcionario



Rodríguez-Sanro Pérez
D.N.I. 36.042.039-G